No proceso de recollida de información e a súa triangulación (entre instrumentos, momentos e/ou persoas), sexa cal sexa o tipo de avaliación inicial que abordemos, contarase con diferentes e variados instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade sen priorizar nunca unha única opción. Usaranse procedementos como a observación, análise de producións do alumnado, intercambios orais-debates-entrevistas, probas escritas e cuestionarios. Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de cotexo, listas de control, escadas de valoración, diarios, anecdotarios, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os item ou aspectos a ter presentes xunto coa súa valoración (rúbricas e guías de observación). Tamén se terán en conta datos procedentes de autoavaliación e a coavaliación.

Ao comezo de curso será de interese avaliar neste nivel:

- O uso de conceptos, ferramentas e estratexias matemáticas para resolver situacións problemáticas e para explicar o proceso seguido.
- A comprobación de se a resposta é razoable e cumpre as condicións dadas.
- O uso da información dada nun gráfico, táboa ou figura.
- A realización de conxecturas matemáticas en situacións cotiás e a comprobación usando exemplos e contraexemplos.
- A argumentación das afirmacións e procesos matemáticos realizados en contextos habituais.
- A expresión oral da propia percepción dun proceso matemático previamente traballado e a modificación da mesma se cumprixe empregando as suxestións doutras persoas da clase.
- As achegas matemáticas que o alumnado fai ás expresións doutras persoas da clase.
- O uso e descrición de relacións entre conceptos matemáticos e representacións para resolver situacións matemáticas.
- A identificación de relacións numéricas, entre magnitudes e entre figuras.
- O recoñecemento de patróns simples en situacións cotiás escolares e familiares.
- O uso de diversas representacións dun concepto ou dunha situación ou relación matemática coa súa correspondente explicación.
- A habilidade de xestionar situacións, retos e problemas mediante a planificación, amosando interese e cooperando coas súas e cos seus iguais.
- A capacidade de ir manexando a frustración ante as dificultades ou problemas empregando algunhas estratexias sinxelas.
- A habilidade de preguntar, identificar preguntas matemáticas e verificar hipóteses que faga a través da manipulación.
- As habilidades desenvolvidas para traballar en equipo (respecto, quendas...)

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	20	15	20	100
Proba escrita	45	60	61	60	60	60	58
Táboa de indicadores	55	40	39	40	40	40	42

Crterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

Os criterios de cualificación para o presente curso serán:

- As probas de cada unha das unidades de cada materia (aquí incluíranse os traballos de investigación elaborados na casa polo alumnado).
- O traballo realizado na aula.

A porcentaxe que cada un dos criterios de cualificación terá sobre a nota final do alumno/a será:

- As probas terán un peso do 60% na nota final.
- O traballo realizado aula un 40%.

En relación co traballo diario co alumnado, aplicarase e esixirase:

- Os alumnos e alumnas deberán ter unha axenda na que diariamente anotarán todas as tarefas por materia que facemos na aula, coa finalidade de que os pais sexan coñecedores das mesmas e poidan comprobar se os nenos e nenas as teñen rematadas para o día seguinte. É tarefa exclusiva do alumno anotar as tarefas nesta, e responsabilidade dos pais a comprobación diaria de que están feitas.
 - As tarefas que o alumno non remate na aula poderán ser completadas na casa para a xornada lectiva seguinte co fin de non perder o ritmo do grupo se así o estima a familia.
 - Os/as alumnos/as reforzarán por sí mesmos/as aqueles contidos que se lles presentan na aula para conquistar un nivel axeitado; repectando sempre as características e ritmo de traballo dos nenos e nenas.
 - Na axenda do alumnado anotaranse as observacións oportunas para que os pais/nais/titores teñan coñecemento puntual da evolución do seu fillo/a (estas observacións deberán traelas asinadas ao día seguinte da recepción). Calquera incidencia tanto a nivel persoal como académico será anotada nesta axenda ou transmitida á mestra a través do correo corporativo do centro facilitado na reunión de comezo de curso ás familias. A axenda non será revisada pola mestra a diario. Terá só valor informativo para o alumno e a familia.
 - Un uso axeitado dos materiais empregados na aula tanto comúns como propios.
 - Unha presentación correcta, atractiva, e limpa dos escritos e traballos. Nos cadernos aplicarase as normas que a titora lles explique a principio de curso para todas as materias.
 - A custodia dun cartafol no que se recollan, en limpo e ordenados, os materiais utilizados que non figuren nos libros de texto: fichas de ampliación, vocabulario, fotocopias, explicacións ou sinxelos traballos puntuais sobre temas determinados...
 - Unha progresiva corrección ortográfica.
 - Unha atención especial á utilización de sinónimos e á non repetición de palabras ou formas.
 - Un esforzo especial por non cambiar de lingua cando se está expoñendo, disertando, dialogando ou simplemente traballando nun idioma concreto (neste caso, en lingua castelá).
 - Non serán avaliadas ningunhas das tarefas que non sexan realizadas polo propio alumnado.
 - Unicamente serán avaliadas e tidas en conta as tarefas propostas pola mestra, así mesmo, non se corrixirán tarefas alleas ao centro.
 - As tarefas serán corrixidas no panel dixital, na pizarra branca ou de xeito oral pola mestra mentres que o alumnado terá que comprobar e corrixir as mesmas no seu caderno. A mestra non corrixirá os exercicios de cada caderno.
- Os criterios de cualificación da área de matemáticas de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final ordinaria son os que se indican nas táboas anteriores. Hai que ter en conta o indicado respecto das avaliacións parciais suspensas no apartado criterios de recuperación deste mesmo epígrafe.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos). Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optárase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe.

Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferentes linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as funcións executivas.

Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.

Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.

Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.

As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións.

Ademais convén utilizar procesos de aprendizaxe acordes coa grao de madurez, flexibilizar opcións algorítmicas para permitir que o alumnado poida facelo co seu propio sistema de procesamento, facilitar diferentes fórmulas de resolución, proporcionar fórmulas diversas para relacionar os diferentes aspectos matemáticos e unilos ao contexto real. Trátase de potenciar habilidades e destrezas que leven ao coñecemento de diferentes formas de abordar as solucións matemáticas potenciando a investigación.

Para a aula de 6º indícase que se vai precisar realizar apoios nesta área, nun principio, para 2 alumnas que presentan dificultades na competencia matemática. Nun principio as súas necesidades nesta área serán reforzadas por parte da titora. Unha alumna recibirá reforzo por parte da mestra de PT e a outra recibirá apoio por parte da mestra de 5º. Dende o 13 de novembro catro alumnos/as reciben RE por parte da mestra de PROA+.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X				X
ET.4 - Competencia dixital	X	X				X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espí-rito cientí-fico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Espí-rito do emprendemento	X		X	X		X
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a Paz			X	X	X	
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X		X			X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X		X	X	X	

Observacións:

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos matemáticos, recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais.

Por outro lado, moitos dos instrumentos de avaliación foron seleccionados para amosar a adquisición da competencia matemática, implicando directamente a outras competencias, como a lingüística.

Hai cinco temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Por outro lado, a resolución de problemas leva implícita o traballo da comprensión lectora, e a explicación do proceso de resolución dos mesmos, a expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades.

Por último, empregaranse o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos e problemas, e o espírito científico propio da área para evitar en todo momento a reprodución de fórmulas ou procesos memorizados sen comprensión previa.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Representamos un mercado	No noso mercado practicamos unidades de medida, así como operacións variadas	X		
Receitas de Entroido	Traballamos as medidas nas receitas de Entroido.		X	
Xogos populares	O alumnado participará nos distintos xogos populares ao mesmo tempo que vai resolvendo probas matemáticas			X
Scape room matemático	Seguirán instrucción fomentando o traballo en equipo para resolver enigmas, pistas e asumir retos			X

Observacións:

Diferentes unidades didácticas estarán asociadas a diferentes actividades complementarias ou extraescolares. Ao longo do curso, poderán aparecer outras interesantes que se poidan levar a cabo. Ademais, todas as celebracións e conmemoracións reflectidas no calendario escolar poden e deben ser abordadas tamén dende o punto de vista das matemáticas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
- Porcentaxe de alumnado que acada unha valoración positiva na materia de matemáticas. Indicador de logro: 75% do alumnado debe ter avaliación positiva.
- Porcentaxe de alumnado que o curso pasado suspendera a materia de matemáticas e que este curso acadou unha valoración positiva. Indicador de logro: 50% do alumnado debe ter avaliación positiva.
- Porcentaxe de diminución de conflitos producidos con respecto á 1ª avaliación. Indicador de logro: 50% para a 2ª avaliación e 70% para a 3ª avaliación.
- Metodoloxía: porcentaxe de sesións con actividades de aula de traballo cooperativo e colaborativo. Indicador de logro: 70%
- Uso de material manipulativo para introducir novos contidos (Escala de 1 a 4)
- Utilización de recursos e estratexias multinivel adaptadas ao alumnado e á súa diversidade (Escala de 1 a 4)
- Contextualización dos contidos matemáticos na vida cotiá.
- Fomento do emprego de linguaxe matemática axeitada. (Escala de 1 a 4)
- Valoración e emprego das interrogantes formuladas polo alumnado para xerar aprendizaxe.
- Emprego de instrumentos de avaliación adaptados á diversidade (Escala de 1 a 4)
- Número de instrumentos de avaliación empregados. Indicador de logro: polo menos emprega 5.
- Porcentaxe de alumnado que supera cada un dos diferentes instrumentos de avaliación empregados. Instrumentos de avaliación: polo menos o 65% do alumnado supera cada un dos tipos de instrumentos de avaliación empregados.

Descrición:

Naqueles indicadores nos que se emprega a escala de 1 a 4, no que o 1 será o valor mínimo e o 4 será o valor máximo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.

- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas,
- Participación en programas externos.
- Participación en actividades extraescolares programadas ao longo do curso: concertos, carreiras, roteiros, etc.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	6º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	30

1. Introducción

Dita programación está pensada para un grupo de 21 nenos/as , tendo en conta que adicamos unha parte importante da sesión a tocala FRAUTA, é un grupo numeroso para que poidan tocar individualmente en tódalas sesións.

A presente PD (Programación Didáctica) está enmarcada no "Decreto XX/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organízase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Cada unha das 6UD (Unidades Didácticas) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de que o traballo realizado ou o seu valor artístico, sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que cada trimestre se farán dúas UD.

Ao mesmo tempo, coa finalización deste 6º nivel remata tamén o 3º ciclo de primaria, algo contemplado nesta PD. Así pois, búscase que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no curso anterior, especialmente no 1º trimestre, por un lado, e

que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro. Ademais, o remate deste ciclo procura neste centro que o alumnado teña mellorado na súa autonomía, especialmente nas súas producións artísticas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	CATRO VELLAS MARIÑEIRO	Esta UD pretende, por un lado, repasar e afianzar os contidos de 5º primaria insistindo de novo na dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc., e, polo outro, seguir desenvolvendo a recepción activa e a vivencia de diferentes elementos da música e da danza a través da música dramática como fío condutor e con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	16	6	X		
2	O NENO	Esta UD2 a altura e as alteracións, as voces, agrupacións vogais, as bandas de música, percusión corporal, movemento, danzas e fruta	16	6	X		
3	POPURRÍ	Na UD3 traballaremos a intensidade, agrupacións musicais de corda, a Paz na música e continuaremos ca fruta	16	6		X	
4	CANTO DE ENTROIDO	Na UD4 estudaremos as grafías non convencionais, os instrumentos aerófonos, e faremos audicións, danzas e fruta, e outros instrumentos de pequena percusión	16	6		X	
5	O RODABALLO	Nesta UD5 estudaremos os intervalos, esquemas ritmicos con corcheas e semicorcheas, a percusión na música clásica, e continuaremos cos instrumentos de pequena percusión, fruta, audicións e danzas	18	6			X
6	DRUNKEN SAILOR	Nesta UD6 veremos os tresíños, ligadura de expresión, síncope, bandas sonoras e continuaremos ca fruta, instrumentos de aula, audicións e danzas	18	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	CATRO VELLAS MARIÑEIRAS	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Identifica e representa: redonda, branca, negra (con puntiño e silencios), corchea e silencio, dobre corchea, 4 semicorcheas; barras divisoria, final e repetición; clave sol, comp. 2/4, 3/4 e 4/4.	PE	20
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre diferentes xéneros da música, explicando algunha diferenza entre elas.	TI	80
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Utiliza as posibilidades expresivas do seu corpo		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Clasifica as propostas de danza en danza tradicional, danza clásica e danza moderna argumentando a súa decisión.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias utilizando o seu corpo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción á diferenciación auditiva entre subdivisión binaria e ternaria. - A harmonía. Concepto de acorde, consonancia e disonancia. Diferenciación auditiva entre acorde maior e menor. - Principais xéneros musicais. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Estratexias de recepción activa. - Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Xéneros escénicos: aproximación a estes. Valoración da importancia da interpretación dramática no proceso artístico e do patrimonio vinculado ás artes escénicas e performativas.

Contidos
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.

UD	Título da UD	Duración
2	O NENO	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e describe ligadura de unión, matices (ff, mf, f, mp, p, pp), dinámicas (cresc., dim.), tempo (lento, andante, allegro, presto; Acell., Rit.) e articulación (picado, ligado).	PE	25
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Interpretación de partituras que faremos na aula con voz, frauta e instrumentos de pequena percusión.	TI	75
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas escénicas e performativas, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Procuraremos que asúa execución sexa , a tempo e con confianza en si mesmo-		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións. Clasificación e comprensión dos mecanismos de produción sonora en cada un. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias de recepción activa. - Profesións vinculadas ás artes escénicas performativas. Coñecemento e valoración.

Contidos
<p>- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.</p> <p>- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.</p>

UD	Título da UD	Duración
3	POPURRÍ	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Le e entoa unha partitura de ata 4 compases de 2/4, 3/4 ou 2 de 4/4: notas: do, mi, sol, la e do agudo; figuras: redonda, branca e negra (con/sen puntiño,) -e silencios- e dobre corchea.	PE	25
CA1.5 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Estudaremos distintas manifestacións artísticas musicais do patrimonio e da contorna	TI	75
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas performativas dende o século XX e compáraas con outras que coñece.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Participa de forma individual e de forma colectiva, cando a actividade o requira		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva. Estudaremos distintas		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas escénicas e performativas colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Respeto pola diversidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Profesi3ns vinculadas 3 creaci3n e interpretaci3n musical. Co3necemento e valoraci3n. - O son e as s3as calidades: identificaci3n visual e auditiva, clasificaci3n e representaci3n de diversidade de sons e estruturas r3tmicas e mel3dicas a trav3s de graf3as convencionais e non convencionais. - A textura. Aproximaci3n 3 discriminaci3n auditiva de monodia, melod3a acompa3ada e textura fuxida. - Estratexias b3sicas de an3lises de propostas musicais desde unha perspectiva de x3nero. - Uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto 3s licenzas de uso e distribuci3n de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. - Estratexias de recepci3n activa. - Elementos fundamentais da representaci3n esc3nica. Roles, materiais e espazos. Teatralidade. Estrutura dram3tica b3sica. - Estratexias b3sicas de an3lises de propostas esc3nicas e performativas desde unha perspectiva de x3nero. - Uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto 3s licenzas de uso e distribuci3n de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. - Capacidades expresivas e creativas b3sicas da expresi3n corporal e dram3tica. Gozar como forma de interacci3n social, recurso expresivo e emotivo e deleite est3tico.

UD	T3tulo da UD	Duraci3n
4	CANTO DE ENTROIDO	6

Criterios de avaliaci3n	M3nimos de consecuci3n	IA	%
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de informaci3n sobre manifestaci3ns culturais e art3sticas musicais a trav3s de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Realiza un traballo individual sobre alg3n/algunha profesional relevante (compositor/a, director/a, int3rprete, etc.).	PE	20
CA1.2 - Describir manifestaci3ns culturais e art3sticas musicais, explorando as s3as caracter3sticas con interese, establecendo relaci3ns entre elas, valorando a diversidade que as xera, as3 como as principais profesi3ns vinculadas 3 creaci3n e interpretaci3n musical, e empregando o vocabulario espec3fico destas.	Describe as diferentes manifestaci3ns culturais e art3sticas musicais traballadas ao longo do curso e nas diferentes UD.	TI	80
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emoci3ns a trav3s de diversas manifestaci3ns art3sticas musicais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execuci3n.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emoci3ns experimentados trala interpretaci3n de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.6 - Compartir os proxectos creativos musicais empregando diferentes estratexias comunicativas a trav3s de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explica o proceso, dificultades atopadas e resultado final da composici3n do traballo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Realiza algún tipo de análise sobre as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas e realiza algún tipo de valoración crítica.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Expresión corporal e danzística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - A melodía e a forma musical. Identificación de formas sinxelas: monotemáticas, binarias, ternarias, canción popular, rondó simple e canon. - Principais xéneros musicais. - Vocabulario específico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical. - Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias de recepción activa. - Vocabulario específico das artes escénicas e performativas. - O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
5	O RODABALLO	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora as sensacións que lle producen as distintas manifestacións artísticas	TI	100
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas musicais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso creativo		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto e mostrando unha actitude positiva.	Interioriza as normas de respecto e mostra unha actitude positiva		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto cara os demais cando debe escoitar os seus compañeiros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición. - Recursos dixitais de uso común para música. - Construción de obxectos sonoros e instrumentos e exploración das súas posibilidades sonoras para o seu uso expresivo. - Estratexias de recepción activa. - Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.

UD	Título da UD	Duración
6	DRUNKEN SAILOR	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Mostra actitude positiva	TI	100
CA2.4 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas musicais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Traballa de forma cooperativa respetando a diversidade		
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico destas.	Utiliza o vocabulario axeitado específico da asignatura de música		
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos escénicos e performativos, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte proxectos creativos co resto da clase		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións. Clasificación e comprensión dos mecanismos de produción sonora en cada un. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Estratexias de recepción activa. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes

sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgunhas cuestións a tratar neste último nivel de primaria, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo, especialmente de cara ao cambio de etapa.
- Consecuentemente, fomento dun maior

impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.

-Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos , a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:

-consciencia e colocación da postura corporal
-respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto e a frauta doce

-fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) co corpófono e/ou coa voz

-dixitación das notas traballadas na frauta. En

case tódalas sesións farase algo de frauta para que non esquezan o da semana anterior Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregarase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia (ou na Aula Virtual do centro). Nesta o alumnado poderá acceder a:

- vídeos de interpretación (voz, instrumentos e/ou danza) para aprendizaxe e/ou repaso
- ligazóns de interese relacionadas coa materia
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado con pautas de pentagramas
Ordenador: con altavoces e proxector
Altofalantes

Piano electrónico
Frauta doce
Carpeta cos libros e cadernos de música
Estoxo

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

A aula, se ben é espazosa, para o aspecto da Danza precisa de desprazar un pouco as mesas.

O ordenador de aula é novo e conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altofalantes, que están en bo estado, para a reprodución auditiva.

A sección desta materia na páxina web do centro e/ou Aula Virtual servirá para complementar a asignatura de música e danza

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (frauta, cadernillos 11 e 12, libro e estoxo).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1ª sesión, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

- alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente o curso anterior
- alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba consistirá de:

- unha execución guiada dunha selección e s p e c í f i c a d e xogos/exercicios/danzas/cancións/fragmentos que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro: eiquí inclúese a comprobación do nivel de dominio con algún/s instrumento/s PAI, PAD e coa fruta.
- unha ficha escrita, que neste caso non preciso porque xa os coñezo a todos do curso anterior. Non hai ningún neno de incorporación nova.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	16	16	16	18	18	100
Proba escrita	20	25	25	20	0	0	14
Táboa de indicadores	80	75	75	80	100	100	86

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro

cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

Nestas táboas de indicadores haberá un apartado específico cas "notas acadadas en cada sesión en fruta doce", que fará media con todo resto: danza, canto, e solfexo, a través dos cadernillos de traballo 11 e 12.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 50% + UD2 50%

-2º trim.: UD3 50% + UD4 50%

-3º trim.: UD5 50% + UD6 50%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 33%

-2º trim. 33%

-3º trim. 34%

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que

prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

-Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre "darase isto por superado."

6. Medidas de atención á diversidade

